

6. Fondos Next Generation EU

“Igualdade, innovación e progreso: o legado Next Generation”

6.1 Definición e obxectivos

O NextGeneration é un fondo extraordinario e temporal creado pola Unión Europea no ano 2020 para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais provocadas pola pandemia da COVID-19. Trátase do maior paquete de recuperación económica da historia da UE, cun orzamento total de 750.000 millóns de euros, dos cales España é un dos principais países beneficiarios, con 140.000 millóns.

En España desenvólvese a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR): o novo impulso europeo.

O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, MRR, é un elemento principal do instrumento Next Generation EU (NGEU), posto en marcha pola Unión Europea para apoiar reformas e investimentos nos estados membros da UE, tras o impacto da pandemia da Covid-19. O obxectivo xeral do Mecanismo será fomentar a cohesión económica, social e territorial da Unión mellorando a resiliencia, a preparación fronte ás crises, a capacidade de axuste e o potencial de crecemento dos Estados membro, mitigando o impacto social e económico da crise da Covid-19, contribuíndo á aplicación do pilar europeo de dereitos sociais, apoiando a transición ecolóxica, contribuíndo á consecución dos obxectivos climáticos da Unión para 2030, e cumprindo o obxectivo de neutralidade climática da UE para 2050 e de transición dixital, contribuíndo así ao proceso de converxencia económica e social á alza, á restauración e á promoción do crecemento sostible e a integración das economías da Unión, fomentando a creación de emprego de calidade, e contribuíndo á autonomía estratéxica da Unión xunto cunha economía aberta e xerando valor engadido europeo.

Para acceder a estes fondos, os Estados deben presentar proxectos que cumpran cos obxectivos estratéxicos marcados pola Unión Europea e respectar unha serie de criterios técnicos, sociais e ambientais. A súa concesión está condicionada ao cumprimento de reformas e investimentos transformadores para crear unha sociedade mellor.

A diferenza doutros fondos europeos estruturais, como o FEDER ou o FSE+, o NextGenerationEU é un instrumento de recuperación de carácter temporal e limitado no tempo, a través do que todos os proxectos deben estar aprobados e executados antes do 30 de xuño de 2026.



EXERCICIO

A Pandemia foi un feito excepcional que as veces non recordamos como vivimos. Pescuda se afectou a economía da vosa familia. Que sectores foron os mais afectados?

6.2 Obxectivos do Plan de Recuperación dos Fondos Next Generation

Este plan de recuperación busca realizar unha transformación da sociedade a través de catro obxectivos:

- Un país máis ecolóxico
- Un país máis dixital
- Un país máis cohesionado
- Un país máis igualitario.

1. Transición ecolóxica

Impulsa a transición verde, a eficiencia enerxética, as enerxías renovables, a mobilidade eléctrica, a economía circular e a resiliencia de todos os sectores económicos.

2. Transformación dixital

Promove a dixitalización de empresas, administracións e sociedade, mellorando infraestruturas, tecnoloxías e competencias dixitais en todos os ámbitos: educación, industria, turismo, agricultura, mobilidade e coidados.

3. Cohesión social e territorial

Refórzase o Estado do Benestar, o sistema educativo, o emprego de calidade e a xustiza fiscal, ao tempo que se abordan retos demográficos e se crean oportunidades para as próximas xeracións.

4. Igualdade de xénero

Busca aumentar o emprego feminino, mellorar o sistema de coidados, promover a igualdade de oportunidades e reducir a fenda dixital.



EXERCICIO

Seguro que nas noticias escoitaches moitas veces falar das axudas dos PERTE de diferentes sectores... Que son os PERTE? Busca información sobre estes programas.

6.3 Quen se beneficia?

Os fondos NextGenerationEU están deseñados para beneficiar amplamente á sociedade, con especial atención a determinados grupos e sectores:

- **Mozos e mozas:** a través de programas de formación en competencias dixitais, contratos de investigación e iniciativas que favorecen a súa inserción laboral.
- **Empresas:** con axudas para innovar, dixitalizarse, mellorar a súa sustentabilidade e competir nunha economía verde e dixital.
- **Administracións públicas:** modernización dos servizos públicos e impulso da administración dixital para ofrecer mellores solucións á cidadanía.
- **Entidades terceiro sector:** ONG e entidades sen ánimo de lucro, para a implementación de programas conforme os obxectivos dos Fondos.
- **Sociedade en xeral:** mediante o reforzo da sanidade, a mellora da educación, a protección do medio ambiente e a aposta por unha economía máis xusta e sostible.

EXERCICIO

Pescuda sobre os datos da evolución que tivo o Produto Interior Bruto (PIBpm) en Galicia, España e países da UE, no ano 2020 como consecuencia da pandemia COVID, e a súa evolución actual.

Consideras que eran necesarias as medidas adoptadas pola Unión Europea ao crear este fondo?

6.4 Fondos NextGenerationEU en Galicia

No ámbito do MRR en Galicia estanse a desenvolver proxectos por importe de 4.179M€, dos que 2.428M€ son de Plans Estratéxicos (PERTEs), ou licitacións ou subvencións directamente convocadas por parte da Administración Xeral do Estado e 1.751M€ son xestionados directamente pola Xunta de Galicia.

Os investimentos realizados a través deste fondo en Galicia contribúen directamente aos obxectivos recollidos no Plan do Estado para avanzar cara a un País máis verde, máis dixital, máis cohesionado desde un punto de vista social e territorial, e máis igualitario.


1. Un País máis cohesionado social e territorialmente

- Programa *Investigo*:** permite a contratación de mozos e mozas menores de 30 anos para traballar durante ata dous anos en proxectos de investigación, innovación ou transformación dixital.
- Formación en competencias dixitais:** programas especializados en programación, intelixencia artificial, ciberseguridade ou xestión de datos.
- Levar a fibra as aldeas e pequenas poboacións** para que vivir no rural non sexa unha eiva para poder traballar.

2. Un País máis verde

Buscando reorientar o sistema produtivo cara a unha transición ecolóxica.

- a. **Rehabilitación enerxética de edificios:** subvencións para familias que queiran mellorar o illamento térmico, substituír ventás ou instalar paneis solares.
- b. **Mobilidade sostible:** creación de carrís bici, instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos e melloras no transporte urbano nas principais cidades.
- c. **Economía circular:** apoio a proxectos empresariais que reduzan residuos, reutilicen materiais e fomenten unha economía máis verde.
- d. **Asteleiros e construción de barcos:** financiación de accións que potencien a eficiencia na construción de barcos menos contaminantes.
- e. **Industria da automoción galega:** subvención de proxectos que reduzan a pegada de carbono e consigan unha fabricación máis respetuosa co medio ambiente.



EXERCICIO

En moitas cidades galegas estase a cambiar o modelo urbano pasando da preminencia dos coches ás persoas e bicicletas. Por que crees que para a Unión Europea é tan importante este cambio de concepto? E ti que opinas?

3. Un País máis dixital

- a. **Kit Dixital:** axudas específicas para que pequenas e medianas empresas (pemes) e persoas autónomas poidan dixitalizar os seus negocios, crear páxinas web, mellorar a súa presenza en redes ou implantar ferramentas de xestión.
- b. **Modernización da administración pública:** mellora das plataformas e servizos da Xunta de Galicia para que cada vez máis trámites poidan facerse en liña, con maior rapidez e seguridade.
- c. **Axudas para a dixitalización** en procesos produtivos da automoción e construción naval

EXERCICIO

En que medida pensas que o Kit Dixital pode contribuír a aumentar a facturación dunha empresa?

4. Un País máis igualitario

- a. **Coa creación de cinco Centros de servizo de atención integral 24 horas a vítimas de violencia sexual**, que ofrecen asesoramento profesional durante as 24 horas os 365 días ao ano, e diversos programas de apoio ás vítimas. Estes centros están localizados nas cidades de Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo.
- b. **Co proxecto "Sembrando Iniciativa"**: para a promoción do liderazgo feminino e a implementación de iniciativas de emprendemento social.
- c. **Con diversos proxectos para mulleres en situación de exclusión social.**

Se queres saber máis podes entrar nestas páxinas

<https://planderecuperacion.gob.es/plan-de-recuperacion-para-europa>

<https://www.nextgenerationgalicia.gal/>